

A reforma causa unha desprotección absoluta da clase traballadora e a derruba dos dereitos conquistados en décadas de loita. **Provocará un empobrecemento xeral das traballadoras e traballadores e un enriquecemento da minoría máis rica.** Traslada diñeiro público do Estado ás empresas nas bonificacións, nas deducións fiscais e no pagamento das indemnizacións por despedimento do Fogasa, reducindo o gasto en sanidade, ensino, servizos públicos, pensións e prestacións.

As persoas desempregadas que non teñan ou teñan esgotada a prestación de paro terán máis dificultades para seren contratadas, porque se bonifica os contratos dos parados/as con prestacións. E así, evitan pagalas.

O empobrecemento da clase traballadora non activará a economía, porque reducirá o consumo e afectará ao 90% das empresas que viven do consumo interno e non da exportación. Podemos ver como todos **os países de Europa que teñen os salarios máis baixos, son os que teñen una crise máis fonda,** máis paro e máis precariedade nos contratos: Grecia, Portugal, Italia, o Estado Español e Irlanda.

A coartada para este golpe de estado contra os nosos dereitos é que temos un mercado laboral ríxido, cando a realidade é que o ano pasado fixéronse no estado máis de 18 millóns de contratos: por horas, por días, de interinidade, por substitución, por obra, por ETT 'S... case o dobre que en Francia. Pero no país vasco, cos mesmos dereitos que nós, e cun salario un 40% maior teñen a metade de paro que en Galiza e o Estado.

Segundo eles a culpa desta crise é que temos demasiados dereitos, a culpa non é por tanto da especulación dos bancos no sistema financeiro, da burbulla inmobiliaria e dos negocios na construción.

## Manifestacións

o **10 de marzo**

**Vigo.- Ás 20h.** dende Vía Norte

**A Coruña.- Ás 12h.** na Praza de Vigo

**Pontevedra.- Ás 19h.** na Praza da Ferrería

**Ferrol.- Ás 12h.** Av. de Esteiro (local CIG)

**Compostela.- Ás 12,30h.** na Praza Roxa

**Lugo.- Ás 12h.** Ronda da Muralla (local CIG)

**Ourense.- Ás 12h.** Pavillón dos Remedios

**Vilagarcía.- Ás 20h.** na Casa do Mar

PODÉMOLOS PARAR!  
**FOLGA**  
29 **XERAL**  
de marzo



Confederación Intersindical Galega

[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)



esta **reforma laboral**

**é un saqueo**

**á clase traballadora**

No ano 2010 o PSOE aprobou una reforma laboral que, como todas, se xustificaba para crear emprego. **Un ano e medio despois hai 1 millón cen mil parados máis.** En decembro pasado o PP estrea a súa lexislatura aprobando por primeira vez na historia a **conxelación do Salario Mínimo**, afectando ás rendas das persoas máis necesitadas, máis de 7 millóns de persoas entre pensionistas, desempregados/as con prestación, traballadores/as que non teñen convenio colectivo, e contratos de aprendizaxe. A maiores, **sobe o IRPF** sabendo que os principais afectados por esta medida son os que cobran un salario, a clase traballadora. **Os ricos evitan esta fiscalidade** declarando a meirande parte do seu diñeiro en accións de empresas ou no mercado financeiro.

Agora, aproba una reforma laboral de **demolição dos dereitos no traballo.** Contentan aos grandes empresarios, á banca e aos máis ricos, como son Amancio Ortega, Florentino Pérez, Emilio Botín, etc., que son os auténticos mercados financeiros. A reforma deberá aprobarse no Parlamento, por iso teremos que **responder con toda a forza necesaria** e impedir a consumación desta agresión brutal contra a clase traballadora.

## Facilita e abarata o despedimento

Elimina a autorización e control da administración nos despedimentos colectivos. Por tanto, **facilita a fraude nas razóns do despedimento**. Ampliase a causa dos despedimentos obxectivos (individuais e colectivos) con 20 días/ano de indemnización, alegando razóns de competitividade, perdas previstas ou diminución de ingresos. Tamén poderá ser aplicado no sector público. Non importa que a empresa tivese ou teña importantes beneficios. Elimina o salario de tramitación cando o despedimento é declarado improcedente e non existe readmisión.

Nas empresas de menos de 50 traballadores/as poderán **despedir no primeiro ano sen indemnización**, mentres a empresa terá bonificacións de ata 4.500 euros e poderá aproveitar ata o 50% das prestacións de desemprego dun ano do traballador/a para desgravación fiscal.

**As baixas por IT común poderán ser motivo de despedimento**. Sucede cando nun período de 2 meses se superen 8 días de baixa, ou 21 días en 4 meses, en dúas baixas distintas, que non sexan consecuencia de accidente no traballo.

Por tanto, **os despedimentos serán con carácter xeral de 20 días/ano, máximo 12 mensualidades**. Reduce un 70% o custo do despedimento improcedente.

## Deixa en corentena o dereito á negociación colectiva

Dálle todo poder ao convenio de empresa, permitindo que a empresa alegando causas obxectivas poida non aplicar o convenio durante varios anos. **Permite que o convenio de empresa teña condicións inferiores ao de sector**, podendo reducir salarios, modificar a xornada laboral, as vacacións ou cambiar as funcións propias da categoría. Unha vez finalizado o convenio, se non hai acordo nos dous anos seguintes o convenio perde todos os dereitos, quedando regulado polo Estatuto dos Traballadores e o Salario Mínimo Interprofesional.

Imaxinemos a loita das empresas por reducir custos cos seus competidores do mesmo sector, baixar salarios e subir a xornada. Dirán que a outra empresa traballa máis barato. Pensemos naquelas empresas coa maioría de persoal eventual, e agora a ameaza do despedimento obxectivo. **Provocará unha caída brutal dos salarios e un incremento da xornada de traballo**, acentuado polo acordo recente de UGT e CCOO eliminando o IPC para a actualización dos salarios. Ademais non terán que repoñer posteriormente a diferenza de salarios non pagada.

## Amplía a precariedade nos contratos

Permite a celebración dos **contratos de aprendizaxe** ata a idade de 33 anos. **O salario será de 480 euros/mes**. Ademais, a mesa empresa ou outra distinta poden volver a contratarte baixo esta modalidade, cambiándote de actividade ou ocupación. Podes estar máis de 13 anos sufrindo este contrato-basura. Contrariamente, as empresas terán axudas públicas, deducións fiscais á Seguridade Social durante 3 anos.

Legalízase a realización de horas extras no contrato a tempo parcial (antes complementarias). Deste xeito, pola precariedade xa coñecida destes contratos moitas horas non se pagarán, ou pagaranse menos e non cotizarán. Permítese deste xeito a fraude masiva á Seguridade Social que afectarán ademais á cotización para a pensión. Estarán afectados todos os sectores, pero fundamentalmente a limpeza, o comercio, hostalaría, alimentación, etc.

Autoriza a empresa á **negociación individual co traballador/a** para a modificación do contrato, do convenio e das condicións xerais do traballo, incluído o salario. Pensemos nos traballadores e traballadoras eventuais, sempre pendentos da renovación do contrato. Quen se pode negar?

Obriga a traballar aos parados e paradas en servizos de carácter público, creando máis paro ao impedir a contratación de novos traballadores nestes servizos.

## SE NOS ORGANIZAMOS...



**PODÉMOLOS PARAR!**